



Gran éxito de participación no obradoiro sobre morcegos “Escoitando o que non se escoita”

A Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC organizou por segundo ano consecutivo, en colaboración con Sorex, Ecoloxía e Medio Ambiente, dous roteiros nocturnos gratuítos sobre morcegos os pasados 8 e 15 de setembro con gran éxito de participación, e ao redor de 100 persoas quedaron en lista de agarda.

A actividade, conducida polo biólogo Xosé Pardavila, comezou no Museo de Historia Natural da USC cunha breve introdución sobre os morcegos e a súa bioloxía, así como as distintas metodoloxías de traballo empregadas polos científicos para estudalos. Logo realizouse un percorrido nocturno polos parques e zonas verdes do entorno do Museo, empregando detectores de ultrasóns que permitiron escoitar e identificar os morcegos que conviven connosco.

A actividade estivo destinada ao público en xeral, en grupos de 30 persoas, e tivo unha duración aproximada de 3 horas. Os menores estiveron acompañados por adultos. O gran éxito de participación fixo que preto de 100 persoas quedasen en lista de agarda.

A [Asociación de Amigos do Museo Natural da USC](#) é unha entidade civil con personalidade xurídica plena cuxo obxectivo é a promoción do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela e a colaboración co MHN coa finalidade de protección dos recursos naturais, especialmente no relativo ás funcións que debe cumprir un museo de ciencias naturais: científicas, culturais, educativas e recreativas, tanto para os membros da Asociación como para o público en xeral. Está aberta a tódalas persoas, institucións, empresas e organizacións. Os socios, entre outros dereitos, poden entrar ao Museo de balde todo o ano.